



Obradoiro
Santillana

Nenos na praia

Joaquín Sorolla (España, 1863 - 1923)

Observación do cadro

- Antes de ler o título do cadro, pregunte polo tema da obra.
 - Cantas persoas aparecen no cadro? Son adultos ou nenos?
 - Onde están estes nenos? Que fan alí?
 - Credes que teñen calor ou frío? Por que?
- Lea o título da obra e centre a atención dos alumnos nos nenos.
 - Que postura teñen? Están de pé ou deitados?
 - Están boca arriba ou boca abaixo? Que partes do corpo de cada neno podedes ver?
- Determine a opinión dos seus alumnos respecto a esta obra.
 - Gústavos o cadro? Por que?
 - Recordades algunha ocasión en que estivédes na praia? Que é o que máis vos gusta facer alí?

Proposta de traballo

A partir do tema do cadro *Nenos na praia*, os alumnos colorearán e completarán libremente unha paisaxe de praia en que incluírán unha foto deles mesmos en roupa estival ou traxe de baño.

- Materiais necesarios:
 - Ficha de arte, Unidade 1 (no anexo ao final da guía didáctica).
 - Lapis de cores de madeira.
 - Tesoiras.
 - Pegamento.
 - Unha fotografía de cada alumno, preferiblemente en traxe de baño.
- Secuencia de traballo:
 1. Recortar da fotografía a silueta do neno ou da nena e apegala sobre a ficha, no lugar que prefiran: no mar, na area, sobre as rochas...
 2. Debuxar obxectos que utilicen na praia para divertirse e para protexerse do sol: pelota, caldeiro e pa, táboa de surf, toalla, gorra, crema solar, parasol...
 3. Colorear o debuxo con coidado de non facer raspaduras sobre a foto.

Esta manualidade tamén se pode realizar a modo de colaxe, utilizando para facelo papel charón de cores e recortes de revistas, tal e como mostra a fotografía.




O autor

Sorolla foi un pintor español que conseguiu fama internacional. Estudou debuxo e pintura, e viaxou ao estranxeiro. Gustáballe pintar ao aire libre e non pechado nun estudio. En Madrid existe un museo co seu nome, onde se expoñen moitas das súas obras.

A obra

Moitos cadros de Sorolla representan escenas na beira do mar Mediterráneo, protagonizadas por nenos espidos e mulleres con vestidos claros e lixeiros. Neles, o artista conseguiu reflectir a luz das praias valencianas. Sorolla inspirouse na xente humilde e as súas actividades diarias para compoñer algunhas das súas obras. Tamén retratou a reis e a outras persoas importantes.





Obradoiro
Santillana

Cadrados con círculos concéntricos

Wassily Kandinsky (Rusia, 1866 - Francia, 1944)

Observación do cadro

- Lea en voz alta o título da obra e pregunte:
 - Por que se chamará así o cadro?
 - Cantos cadrados podedes contar?
Hai máis círculos ou cadrados?
 - Sinalade o cadrado que ten máis círculos debuxados no seu interior.
- Centre a atención dos alumnos nas cores que utiliza o artista.
 - Que cores aparecen no cadro? Cal se repite en todos os cadrados?
 - Destaca algunha outra cor nesta composición? Cal?
 - Que cor do cadro vos gusta máis?
- Traballe as emocións que esperta o cadro de Kandinsky nos seus alumnos.
 - Que sentimento vos transmite este cadro: ledicia, tristeza, diversión, aburrimiento, anoxo...? Por que?

Proposta de traballo

Os alumnos combinarán círculos de diferentes cores para formar unha composición similar á do cadro de Kandinsky.

- Materiais necesarios:
 - Cuartillas de papel branco.
 - Gobeletes, vasos, moedas, tapóns... de distintos tamaños.
 - Ceras brandas.
 - Cartolina tamaño A3.
 - Pegamento.
- Secuencia de traballo:
 1. Debuxar nunha cuartilla o contorno de vasos, moedas, tapóns... para formar círculos concéntricos de diferentes tamaños.
 2. Utilizar as ceras brandas para pintar o fondo da folla e o espazo entre os círculos, con distintas cores.
 3. Reunir seis ou oito debuxos e apegalos na cartolina, para formar unha composición semellante á do cadro.



O autor

Kandinsky naceu en Rusia. Foi profesor na universidade, pero deixou de dar clases para estudar arte e dedicarse á pintura. Dirixiu o seu propio obradoiro de debuxo, escribiu libros sobre pintura e colaborou na creación de varios museos de arte en Rusia.

A obra

Coa súa obra, Kandinsky pretende espertar emocións no espectador. Para facelo, afástase da representación da realidade e crea unha nova forma de pintar baseada na combinación de formas xeométricas, liñas e cores, cun resultado que transmite ledicia, tristeza, diversión... á persoa que contempla os seus cadros.





Obradoiro
Santillana

Bodegón da cesta

Rafael Zabaleta (España, 1907 - 1960)

Observación do cadro

- Lea o título da obra e explique que un bodegón é un cadro en que se representan alimentos, flores ou utensilios domésticos.
 - Que obxectos hai sobre a mesa?
 - Que tipo de alimentos aparecen no cadro? Que froitas son? De onde se obtén a froita?
 - Nomeade outras froitas que sexan de cor vermella.
- Centre a atención na paisaxe que aparece detrás do bodegón.
 - Que elementos hai na paisaxe que aparece ao fondo do cadro? Trátase dunha paisaxe de campo, de praia ou de cidade?
 - Por que pintaría o autor unha paisaxe de campo detrás do bodegón de froita?
 - Quen pode vivir na casa que hai no medio do campo?
- Comente cos alumnos as súas experiencias coa froita.
 - Comedes froita todos os días? Que froitas vos gustan máis?
 - Que outros vexetais comedes na casa?

Proposta de traballo

Con recortes de revistas e outros materiais, os alumnos elaborarán unha cesta de froitas e verduras.

- Materiais necesarios:
 - Ficha de arte, Unidade 3 (no anexo ao final da guía didáctica).
 - Lapis de cera.
 - Revista de produtos de supermercado.
 - Tesoiras.
 - Pegamento.
 - Punzón.
 - Cartolina tamaño A4.
- Secuencia de traballo:
 1. Apegar a ficha na cartolina, recortar a cesta pola liña de puntos e coloreala.
 2. Recortar imaxes de froitas e verduras dunha revista dun supermercado e apegalas entre o bordo da cesta e a asa desta.
 3. Cun punzón, picar o espazo sobrante entre os alimentos e a asa da cesta.
 4. Para facer o soporte, recortar unha tira de cartolina de 9 x 23 cm aproximadamente e dobrala en tres partes, de forma que os laterais queden máis curtos ca a parte central. Apegar a parte central da tira sobre a parte inferior do reverso da cesta para que esta poida quedar de pé.



O autor

Rafael Zabaleta naceu en Quesada, unha vila de Xaén. Durante a Guerra Civil, encargouse de protexer as obras de arte dos saqueos e dos ataques dos bombardeiros.

Aínda que a maior parte da súa obra está no museo Zabaleta, en Quesada, algúns dos seus cadros están expostos nos museos máis importantes do mundo.

A obra

A obra de Zabaleta está influenciada por artistas como Picasso, aínda que el logrou desenvolver un estilo artístico persoal. Os seus cadros mostran escenas propias da súa terra: labregos, granxeiros, campos de cultivo, produtos da horta...





Obradoiro
Santillana

Sagrada Familia do paxariño

Bartolomé Esteban Murillo (España, 1617 - 1682)

Observación do cadro

- Lea en voz alta o nome da obra e centre a atención nos personaxes do cadro.
 - Que animais aparecen nesta escena?
 - Que relación pode haber entre as persoas deste cadro? Onde credes que están? Que fai cada un?
 - Quen forma a Sagrada Familia?
 - Cara a onde miran Xosé e María?
- Formule preguntas para que os alumnos observen os contrastes de cor.
 - Que personaxes visten de cores escuras? Quen leva a roupa máis clara? Que personaxe destaca máis?
- Pida aos nenos que comparen a familia do cadro coa súa propia familia.
 - Cantas persoas forman a familia do cadro? E a vosa familia?
 - Que outras diferenzas existen entre a familia do cadro e a vosa?
 - Tedes fotos en que saíades todos os membros da vosa familia xuntos? Gustaríavos traelas á clase?

Proposta de traballo

A felicitación de Nadal que van elaborar os nenos require a observación detallada das cores que utilizou Murillo para compoñer a *Sagrada Familia do paxariño*.

- Materiais necesarios:
 - Ficha de arte, Unidade 5 (no anexo ao final da guía didáctica).
 - Cores: lapis de cera ou de madeira, témperas, rotuladores...
- Secuencia de traballo:
 1. Colorear a parte da ficha en que se reproduce o cadro da *Sagrada Familia do paxariño*, con cores similares ás que utilizou Murillo. Para realizar este traballo, os alumnos poderán usar o material de debuxo que desexen: ceras, témperas, rotuladores...
 2. Escribir con letras de cores unha mensaxe de Nadal de felicitación no recadro inferior da ficha.

Os nenos poden levar a felicitación para a casa ou ben metela nun sobre co seu enderezo para enviala por correo.



O autor

Murillo foi un pintor moi apreciado na súa época. Era o menor de catorce irmáns e con tan só 13 anos comezou a traballar como pintor en Sevilla, onde moi axiña puido abrir o seu propio obradoiro de pintura. Coñeceu a grandes artistas, como Velázquez ou Zurbarán, e fundou a Academia de Debuxo de Sevilla, para formar futuros pintores. Murillo morreu aos 65 anos, tras caer dunha estada mentres pintaba.

A obra

Os cadros de Murillo son moi realistas e adoitan presentar un fondo escuro sobre o que destacan os personaxes. As súas obras máis importantes son as dedicadas á Virxe e os seus retratos de nenos mendigos.





Obradoiro
Santillana

O cuarto de Arlés

Vincent van Gogh (Holanda, 1853 - Francia, 1890)



Observación do cadro

- Antes de ler o título do cadro, traballe cos alumnos a descrición da escena.
 - Que cuarto da casa aparece no cadro? Nomeade os mobles que hai no cuarto.
 - Que outros elementos hai neste dormitorio? Engadiriades algún obxecto máis? Onde o pintariades?
- Centre a atención nas cores.
 - Que cor destaca no cadro? Que outras cores empregou o pintor?
 - Este era o cuarto de Van Gogh en Arlés (Francia). Cedes que lle gustaba? Por que?
- Pida aos alumnos que imaxinen o que vería Van Gogh a través da ventá do seu cuarto.
- Pregunte pola opinión que teñen os nenos sobre este cadro.
 - Gústavos *O cuarto de Arlés*? Por que?
 - En que se parecen o voso dormitorio e o do cadro? En que se diferencian? Cal vos gusta máis?

Proposta de traballo

Os alumnos farán unha recreación en relevo do cadro *O cuarto de Arlés*, utilizando para facelo as cores que máis lles gusten.

- Materiais necesarios:
 - 2 copias da ficha de arte, Unidade 6 (no anexo ao final da guía didáctica).
 - Lapis de cores de madeira.
 - Tesoiras.
 - Pegamento.
 - Punzón.
 - 2 cartolinas da mesma cor, tamaño A4.
 - Recortes de revistas con paisaxes.
- Secuencia de traballo:
 1. Colorear unha das fichas e usar as mesmas cores para pintar os mobles da outra copia.
 2. Apegar cada debuxo nunha cartolina e recortar os mobles da segunda ficha.
 3. Picar co punzón as liñas que separan as dúas follas da ventá da primeira ficha, de xeito que se poidan abrir cara adentro do cuarto. A continuación, apegar por detrás da ventá unha paisaxe dun recorte de revista, de modo que ao abrir a ventá poida verse.
 4. Apegar sobre os mobles da primeira ficha un anaquiño de cartón e, sobre estes cartóns, os mobles recortados da segunda ficha, para así dar relevo ao mobiliario.




O autor


Van Gogh traballou desde moi novo nunha galería de arte ata que decidiu dedicarse á pintura. Morreu moi novo, con tan só 37 anos, a causa dunha enfermidade mental.

Durante a súa vida como pintor, realizou 900 pinturas e 1.600 debuxos, pero só conseguiu vender un dos seus cadros. A calidade da súa obra foi recoñecida despois da súa morte. Actualmente, varios dos cadros de Van Gogh están entre os máis caros do mundo.

A obra

Van Gogh pintou a natureza con cores luminosas. Son famosas as súas paisaxes dos campos de Arlés e Auvers, localidades de Francia onde viviu, así como os seus cadros de xirasoles.





Obradoiro
Santillana

Estudo para Seine Grande Jatte

Georges Pierre Seurat (Francia, 1859 - 1891)



Observación do cadro

- Traballe a descrición da paisaxe.
 - Que vedes no cadro? Nomeade os elementos que hai nesta paisaxe.
 - Gústavos esta paisaxe? Por que?
- Centre a atención na técnica que utilizou Seurat para pintar o cadro.
 - Que vedes cando mirades o cadro de preto: puntos ou longas pinceladas de cor?
 - Que cores empregou o pintor?
 - Parécevos atractiva esta forma de pintar? Por que? Pintastes algunha vez así?
- Centre a atención na auga.
 - Vedes un río, un lago ou o mar? Por que o sabedes?
 - Hai algún elemento na auga? Que pode ser?
 - Pasa pola vosa localidade algún río ou hai algún lago? Como se chama?

Proposta de traballo

No traballo que se propón a continuación, os alumnos poñerán en práctica a técnica do puntillismo.

- Materiais necesarios:
 - 2 folios.
 - Rotuladores de cores.
 - Pegamento.
- Secuencia de traballo:
 1. Nun folio, debuxar un gran lago con puntiños de cor azul, celeste, verde clara... Arredor pódese pintar un prado con puntos de cor amarela, verde, marrón..., e flores con puntos de cores vivas.
 2. Facer un barquiño de papel e apegalo sobre a superficie do lago.




O autor

Seurat comezou a debuxar desde moi novo. Pola súa forma peculiar de pintar, tardaba máis dun ano en rematar un cadro. Como morreu con só 31 anos, pintou moi poucos cadros, dos que só vendeu un. O seu último traballo, titulado *O circo*, quedou incompleto.

A obra

Seurat foi o creador dunha nova forma de pintar chamada puntillismo. En vez de dar pinceladas, Seurat enchía o espazo a base de puntos de cores puras. O ollo, ao velos tan xuntos, mesturábaos e percibía diferentes tonalidades. Un exemplo claro deste efecto maniféstase nas súas representacións da auga.





Obradoiro
Santillana

Raposo azul

Franz Marc (Alemaña, 1880 - Francia, 1916)

Observación do cadro

- Antes de ler o título da obra, centre a atención no animal que aparece no cadro.
 - Que animal é? Vístelo algunha vez? Onde?
 - Que está facendo o raposo do cadro?
 - Onde está? Por que o sabedes?
- Pida aos alumnos que observen as cores que empregou o artista.
 - Que cores aparecen no cadro? Cales utilizou o pintor para o animal?
 - Existirán moitos raposos azuis? Por que o pintaría o autor así? De que cor é a pel dun raposo en realidade?
 - Que cor vos gusta máis? Que sentimento vos transmite?

Proposta de traballo

Os alumnos realizarán a careta dun animal que lles guste e utilizarán as cores que prefiran.

- Materiais necesarios:
 - Ficha de arte, Unidade 8 (no anexo ao final da guía didáctica).
 - Cartolinas de cores tamaño A4.
 - Rotulador negro.
 - Tesoiras.
 - Punzón.
 - Pegamento.
 - Goma elástica.
 - Esponxas, calcetíns, tubos de papel hixiénico, botóns...

Secuencia de traballo:

1. Elixir un animal e seleccionar os materiais necesarios para realizar a careta: unha esponxa redonda para o fociño dun porco, tiras de cartolina para os bigotes dun rato ou a crista dun galo, un calcetín para a trompa dun elefante, cartolina para as orellas...
2. Apegar a ficha sobre unha cartolina e recortar o contorno da careta.
3. Picar cun punzón os ollos e os buratos dos extremos para poder introducir por eles unha goma elástica.
4. Apegar sobre a careta os elementos necesarios para representar o animal elixido e completar algúns detalles cun rotulador negro.



O autor

Franz Marc vía nos animais a forza da natureza e valores como o ben ou a beleza. Por este motivo, converteunos en protagonistas dos seus cadros.

Con cada animal, Marc quería transmitir unha emoción: as vacas representan a alegría de vivir; os gatos, a tranquilidade...

A obra

Para Marc, cada cor tiña un significado: o azul representa o masculino; o amarelo, a alegría feminina; o vermello, a violencia... Os seus cadros de animais caracterízanse polo realismo, a simplicidade da composición e a brillantez das cores.





Obradoiro
Santillana

Polinesia: o ceo

Henri Matisse (Francia, 1869 - 1954)

Observación do cadro

- Pida aos seus alumnos que imaxinen que están deitados mirando para o ceo e realice estas preguntas:
 - De que cor é o fondo do cadro?
Que representa?
 - De que cor son as figuras que hai sobre o fondo azul?
 - Que representan as figuras de maior tamaño?
Como soubestes que son paxaros?
Teñen algún detalle estas figuras?
 - Que outros elementos vedes?
- Anime os seus alumnos a imaxinar que son os paxaros do cadro.
 - Os paxaros están voando sobre a terra ou sobre o mar? Por que o sabedes?
 - Que seres vivos do mar identificades? Como se chaman as plantas que viven no mar?
Que outros animais poderían aparecer no cadro?



Proposta de traballo

Os alumnos utilizarán patróns con siluetas de animais mariños para realizar unha composición.

- Materiais necesarios:
 - Ficha de arte, Unidade 9 (no anexo ao final da guía didáctica).
 - 3 cartolinas tamaño A4 de cor azul escura, celeste e branca.
 - Tesoiras.
 - Pegamento.
 - Punzón.
- Secuencia de traballo:
 1. Recortar as figuras da ficha para que sirvan de patróns.
 2. Utilizar os patróns para debuxar o contorno dos animais e das plantas sobre as cartolinas azul e celeste. Debe debuxarse o mesmo número de figuras sobre ambas as cartolinas. Cada vez que se realice un debuxo, trazar un recadro arredor del e recortalo.
 3. Picar o contorno das figuras debuxadas nas cartolinas.
 4. Nunha cartolina branca, apegar todos os recadros, alternando os de cor escura cos máis claros.



O autor

Henri Matisse traballou como debuxante, escultor e pintor. Relacionouse con moitos artistas da súa época e obtivo o respecto e a admiración de todos eles. Aínda en vida, foi recoñecido como un dos grandes pintores do século XX.

A obra

Os cadros de Matisse caracterízanse polos intensos tons de cor que o artista utiliza e pola gran sensibilidade que transmite. Entre as súas obras destacan sinxelas paisaxes moi luminosas e escasas de detalles. O resultado do seu traballo son cadros cheos de paz e harmonía.






Obradoiro
Santillana

O estanque de nenúfares

Claude Monet (Francia, 1840 - 1926)



Observación do cadro

- Axude os alumnos a describir a paisaxe do cadro.
 - Que elemento destaca no cadro? Que outras cousas podedes ver?
 - Que momento do día credes que será? É un día anubrado ou sollío?
 - Gustaríavos estar nun lugar así? Por que? Que fariades alí?
- Lea en voz alta o título da obra.
 - Vistes algunha vez un estanque? Onde? Que había no estanque?
 - Que é un nenúfar? Como pode vivir unha planta na auga?
 - Que outro título lle poñeríades a este cadro?
- Centre a atención nas cores do cadro.
 - Que cor predomina? De que cores son os nenúfares do cadro? E a auga?
 - Os elementos do cadro, están claros ou borrosos? Distínguese cada pincelada de cor ou están mesturadas entre si?

Proposta de traballo

Os alumnos practicarán a mestura de cores con plastilina sobre o debuxo dunha maceira.

- Materiais necesarios:
 - Ficha de arte, Unidade 10 (no anexo ao final da guía didáctica).
 - Punzón.
 - Pegamento.
 - Cartolina branca tamaño A4.
 - Plastilina de diferentes cores.
- Secuencia de traballo:
 1. Apegar a ficha sobre unha cartolina.
 2. Encher o debuxo con boliñas de plastilina de diferentes cores: distintos tons de azul para o ceo; verdes e amarelos para a copa da árbore; negro, marróns e laranxas para o tronco...
 3. Aplastar co dedo as boliñas e estendelas sobre o papel mesturando as cores ata cubrir toda a superficie.
 4. Cun punzón, debuxar as follas da árbore e raiar o terreo.
 5. Facer as mazás con boliñas de cor vermella e aplastalas sobre a copa da árbore. Tamén se poden facer outras aplicacións de plastilina sobre o tronco ou o terreo, como se ven na fotografía.




O autor

Monet recibiu as súas primeiras leccións de pintura sendo neno. Aos 15 anos, para ganar uns cartos, realizaba caricaturas aos paseantes das rúas de París. Gustáballe o campo, polo que moitos dos seus cadros reproducen paisaxes naturais. Cando xa era un pintor famoso, construíu na súa casa un xardín cun grande estanque, que lle serviu de inspiración para moitas das súas pinturas.

A obra

Monet pintaba a base de grandes pinceladas, sen marcar os contornos dos obxectos. Segundo el, había que pintar ao aire libre, para observar e plasmar a luz do sol. Ademais, como a luz non é igual pola mañá ca pola tarde, Monet pintaba a mesma escena en diferentes momentos do día.





Obradoiro
Santillana

Nord-Sud

Joan Miró (España, 1893 - 1983)

Observación do cadro

- Pida aos alumnos que lean o título do cadro e observen atentamente a imaxe.
 - Como se titula o cadro? Por que se chamará así? Inventade outros títulos para esta obra.
 - Que obxectos aparecen no cadro? Cal vos chama máis a atención?
 - Sobre que superficie están colocados os obxectos do cadro?
- Centre a atención sobre as cores do cadro.
 - Que cores predominan no cadro: as claras ou as escuras?
 - Parécevos un cadro alegre? Por que?
- Anime os alumnos a facer inferencias a partir dos obxectos que aparecen no cadro.
 - Que cousas imaxinades que lle gusta facer ao dono ou á dona destes obxectos?
 - Se tivésedes que relacionar esta escena cunha estación do ano, con cal sería? Por que?

Proposta de traballo

Nesta ocasión, utilizarase a técnica da colaxe para que os alumnos realicen unha composición libre con diferentes materiais.

- Materiais necesarios:
 - Cartolina tamaño A4.
 - Cola branca.
 - Tesoiras.
 - Anacos de tea, la ou cintas de cores, botóns, escarvadentes, revistas, papel de aluminio, follas e flores secas...
- Secuencia de traballo:
 1. Pensar na composición que se quere realizar: un elefante, unha árbore, a cara dun pallaso, unha gaiola dun paxaro, unha paisaxe, unha granxa...
 2. Utilizar libremente os materiais necesarios para facer a composición e apegalos sobre a cartolina.
 3. Inventar un título para o traballo realizado e compoñelo na parte superior da cartolina con letras recortadas de revistas ou xornais.



O autor

Miró foi pintor, escultor, gravador e ceramista. Estudou comercio e comezou traballando nunha farmacia. Aos 18 anos caeu enfermo e trasladouse ao campo para se recuperar. Alí descubriu a beleza da natureza e decidiu dedicarse á pintura. Miró foi un dos pintores españois que máis fama internacional tivo en vida.

A obra

A pintura de Miró recorda a dun neno, con trazos sinxelos e vivas cores. Probou diferentes técnicas: murais, acuarelas, pintura sobre cobre ou papel... Tamén realizou colaxes con diversos materiais, litografías e esculturas en cerámica.





Obradoiro
Santillana

Igrexa de Unterach no lago Attersee

Gustav Klimt (Austria, 1862 - 1918)



Observación do cadro

- Axude os seus alumnos a describir a paisaxe.
 - Que vedes na lámina, unha aldea ou unha cidade? Por que o sabedes?
 - Onde está situado este lugar?
 - Que edificios recoñecedes? Localizade unha igrexa, un embarcadiro, unha casa con cheminea e unha casa con balcón.
- Centre a atención na técnica que empregou o pintor.
 - Como pintou Klimt o cadro: con cores planas ou con pinceladas de cores diferentes?
 - Distínguense con claridade os elementos desta paisaxe?
 - Que cor destaca no cadro? Para que a utiliza o pintor?
 - Que cores empregou para pintar a auga do lago? Por que elixiu esas cores?
 - Parécese este lugar á localidade onde vivimos? En que se diferencia?
- Anime os alumnos a emitir libremente as súas opinións sobre esta pintura.

Proposta de traballo

Os alumnos construírán colectivamente unha aldea en tres dimensións e pintarán un fondo para ela con diversos elementos.

- Materiais necesarios:
 - Caixas pequenas de cartón ou plástico.
 - Folios ou papel de embalar.
 - Unha prancha de cartón de gran tamaño.
 - Papel continuo.
 - Pegamento e tesoiras.
 - Rotuladores, témperas e ceras de cores.
- Secuencia de traballo:
 1. Para realizar as casas, utilizar caixas pequenas de cartón ou de plástico forradas con papel de embalar. Pódese construír tamén un castelo.
 2. Debuxar sobre a caixa xa forrada os elementos propios da fachada: portas, ventás, balcóns... Tamén se pode adornar con debuxos de testos, plantas gabeadoras, paxariños, azulexos...
 3. Apegar o castelo e as casas realizadas por todos os alumnos sobre o cartón para formar a aldea.
 4. Nun papel continuo, pintar entre todos un mural a modo de paisaxe de fondo para a aldea, que conteña distintos elementos: montañas, nubes, o sol, árbores, arbustos...
 5. Colgar o mural na parede e colocar diante a aldea, sobre unha mesa.




O autor

Gustav Klimt foi un pintor austríaco que viviu na pobreza a maior parte da súa infancia. Aos 14 anos recibiu unha bolsa para estudar Arte en Viena. Cando acabou os seus estudos, empezou a traballar pintando os teitos e paredes de palacios, teatros... Despois de varios anos, decidiu pintar os seus propios cadros. O seu estilo, totalmente novo, fixo que axiña recibise encargos de persoas importantes. Grazas a iso, Klimt ganou moito diñeiro e prestixio.

A obra

Os temas preferidos de Klimt foron o espido feminino e as paisaxes. A súa obra ten un estilo propio e persoal, derivado da mestura de influencias da arte exipcia, bizantina e grega.





Obradoiro
Santillana

O porto de Amberes

Georges Braque (Francia, 1882 - 1963)

Observación do cadro

- Antes de ler o título da obra, pida aos alumnos que describan a escena que representa.
 - Que título lle poñeríades ao cadro?
 - Que medio de transporte aparece nel? Onde están os barcos? Para que serven os portos?
 - Que vedes ao fondo da escena?
- Centre a atención na forma en que o autor pintou o porto.
 - Como se ve mellor o cadro, de preto ou de lonxe? Por que?
 - Que cores do cadro vos chaman máis a atención? Para que as usou o pintor? Que cores empregariades vós?
- Dialogue cos alumnos sobre as súas experiencias en relación cos barcos.
 - Subistes nun barco algunha vez? A onde fostes? Que fixestes no barco? Gustouvos a experiencia? Por que?

Proposta de traballo

Os alumnos realizarán un barco para gardar as súas cartas ou fotografías.

- Materiais necesarios:
 - Ficha de arte, Unidade 15 (no anexo ao final da guía didáctica).
 - Unha cartolina branca tamaño A4 e 2 de cor azul.
 - Papel celofán e punzón.
 - Pegamento e tesoiras.
 - Témperas e pincel.
 - Fotografías dos membros da familia.
- Secuencia de traballo:
 1. Apegar o barco da ficha sobre a cartolina branca e recortalo.
 2. Cun punzón, picar os círculos para abrir as ventás.
 3. Dobrar o barco polas liñas de puntos e colorealo con témpera.
 4. Cortar dúas tiras de cartolina branca duns 6 cm de longo e 2 de largo, e apegar cada unha a un lado do barco, unindo as dúas caras. Recoméndase apegar as tiras por dentro do barco.
 5. Pola parte interior do barco apegar as fotografías tamaño carné da familia, de forma que se vexan as súas caras a través das ventás. Tamén se poden apegar anaqüños de papel celofán a xeito de cristais.
 6. Apegar a base do barco sobre unha das cartolinas azuis.
 7. Cortar tiras de cartolina azul e apegalas arredor do barco formando ondas.




O autor

Braque foi un pintor e escultor francés. Xunto con Picasso ideou o cubismo. Tras ser ferido de gravidade na guerra, renunciou a representar a figura humana nos seus cadros e dedicouse a pintar bodegóns e paisaxes. Braque tamén foi ilustrador de libros, creador de escenarios para teatro, escultor e gravador.

A obra

Cando Braque empezou a pintar, utilizaba cores vistosas, como o rosa ou o violeta. Nesta época, os motivos dos seus cadros xorden da unión perfecta de formas e cores. Máis tarde, na súa época cubista, inclinouse polo uso de cores máis apagadas.





Obradoiro
Santillana



LÁMINA DE ARTE

Unidade 4

Nai bañando a súa filla

Mary Stevenson Cassatt (Estados Unidos, 1844 - Francia, 1926)

Observación do cadro

- A partir do título da obra, pida aos alumnos que identifiquen os personaxes do cadro e centre a súa atención na escena que representa.
 - Cantos anos pode ter a nena do cadro? É máis vella ou máis nova ca vós?
 - Quen pode ser a persoa que a acompaña? Que roupa ten?
 - Que están facendo os personaxes do cadro? Nomeade os obxectos de aseo que aparecen nel.
 - Imaxínade o que lle pode estar dicindo a nai á súa filla e comentádeo cos compañeiros.
 - Como credes que se sente a nena? Por que?
- Aproveite o tema do cadro para falar do aseo persoal cos seus alumnos.
 - Na casa, onde vos aseades? Tedes bañeira ou prato de ducha?
 - Bañádevos sós ou necesitades axuda? Que utensilios usades durante o baño?

Proposta de traballo

A partir do tema deste cadro, os nenos compoñerán libremente unha escena doméstica protagonizada por unha muller e o seu fillo, utilizando diferentes técnicas e materiais.

- Materiais necesarios:
 - Fichas de arte, Unidade 4 (no anexo ao final da guía didáctica).
 - Lapis de cores de madeira.
 - Cartolina branca tamaño A4.
 - Tesoiras.
 - Pegamento.
 - Materiais a elixir: botóns, la, papel de cores, cintas, purpurina, papel de aluminio, macarróns...
- Secuencia de traballo:
 1. Colorear as fichas de traballo. Despois, recortar as figuras e vestir os personaxes, apegando as pezas de roupa sobre eles.
 2. Na cartolina, debuxar un cuarto co mobiliario correspondente, tendo en conta o tamaño das figuras do recortable.
 3. Apegar os recortables sobre o debuxo realizado na cartolina.
 4. Apegar tiras de papel de cores, botóns, macarróns, trenzas de la... arredor da cartolina, para formar un marco.



A autora

A Mary Stevenson Cassatt gustáballe o debuxo desde nena. A pesar da oposición de seus pais, con 15 anos decidiu estudar pintura e converterse en pintora. Non obstante, por ser muller, tivo que loitar moito para expoñer os seus cadros e para que se recoñcese o seu talento. Con 70 anos, perdeu a vista case por completo e tivo que deixar de pintar. Once anos máis tarde morreu. Hoxe, Cassatt é considerada unha gran pintora.

A obra

Mary Stevenson non tivo fillos, pero fascináballe a tenrura e a relación íntima que existe entre unha nai e o seu fillo. Por iso, o tema favorito da súa pintura foron escenas domésticas protagonizadas por mulleres cos seus fillos. Normalmente, Cassatt non utilizaba modelos, senón que pintaba os seus amigos ou familiares.



Obradoiro
Santillana



LÁMINA DE ARTE

Unidade 11

Era unha vez: Mata Mua

Paul Gauguin (Francia, 1848 - Polinesia, 1903)

Observación do cadro

- Lea o título e explique que Mata Mua é o nome dun lugar que visitou Gauguin durante a súa estancia nas illas do océano Pacífico. Realice preguntas:
 - Como é esta paisaxe? Nomeade os elementos naturais que aparecen nela e decide cal vos chama máis a atención.
 - Que sensacións vos transmite este lugar?
 - Que paisaxe vos gusta máis: o de Mata Mua ou o do lugar onde nós vivimos? Por que?
- Centre a atención nos personaxes do cadro.
 - Cantas persoas hai? Son homes ou mulleres? Que están facendo?
 - Que tipo de roupa levan? Como é? Crides que vai frío ou calor? Que época do ano pode ser? Por que?
 - Que hai xunto ás mulleres que están ao fondo do cadro?
 - Que credes que representa esa estatua?

Proposta de traballo

Os alumnos construírán unha paisaxe superpoñendo cartolinas de cores diferentes.

- Materiais necesarios:
 - Ficha de arte, Unidade 11 (no anexo ao final da guía didáctica).
 - Cartolinas de distintas cores tamaño A4.
 - Rotuladores.
 - Pegamento e tesoiras.
 - Labras de lapis de madeira.
- Secuencia de traballo:
 1. Recortar a ficha pola liña superior da montaña máis alta e usala como patrón sobre unha cartolina marrón, para despois recortala e apegala sobre unha cartolina de cor azul.
 2. Recortar a ficha pola seguinte liña de montañas e usala como patrón sobre unha cartolina doutra cor. Proceder da mesma forma co resto das montañas e apegalas sobre o mural para formar a paisaxe.
 3. Recortar o arbusto da ficha e utilizalo como patrón para facer arbustos de distintas cores. Apegalos libremente sobre a paisaxe.
 4. Pintar talos de plantas cun rotulador e decoralos con labras de lapis a modo de flores.



O autor

Paul Gauguin foi pintor e escultor. Durante a súa mocidade pasou varios anos no exército. Despois instalouse en París, onde casou e se converteu nun importante home de negocios. Con 35 anos, abandonou o seu traballo e a súa familia para dedicarse por enteiro á pintura. Como non conseguía ganar diñeiro cos seus cadros, decidiu viaxar fóra de Europa. Os últimos anos da súa vida pasounos en illas exóticas do océano Pacífico.

A obra

Para realizar moitas das súas obras, Gauguin inspirouse na arte e nos costumes dos habitantes das illas que visitou.

Os seus cadros caracterízanse pola combinación de amplas zonas de cor, superpostas unhas sobre outras, e pola expresividade que consegue a través do uso de cores moi vivas.



Obradoiro
Santillana



LÁMINA DE ARTE

Unidade 12

Tres músicos

Pablo Ruiz Picasso (España, 1881 - Francia, 1973)


Observación do cadro

- Lea o título da obra e centre a atención nos personaxes e obxectos representados.
 - Localizades os tres músicos? Como van vestidos?
 - Que partes dos seus corpos se ven con maior claridade? Que levan nas súas caras?
 - Que instrumento musical está tocando cada un dos músicos? Que nome recibe a persoa que toca o violín? E a que toca a frauta?
- Pregunte pola forma en que Picasso pintou este cadro.
 - Vedes os músicos e os instrumentos como son en realidade? Que fixo Picasso para pintalos?
 - Que elemento do cadro se parece máis a como é na realidade?
 - Que cores destacan en cada personaxe?

Proposta de traballo

Os alumnos realizarán un tambor de man con materiais reciclados.

- Materiais necesarios:
 - Caixa de queixiños e la.
 - Un folio.
 - 2 boliñas de abelorios ou botóns.
 - Pau de madeira redondo.
 - Punzón e tesoiras.
 - Lapis de cores ou rotuladores.
 - Cinta adhesiva e pegamento.
- Secuencia de traballo:
 1. Debuxar o contorno da caixa de queixiños sobre o folio, recortalo e decoralo con pinturas. Despois, apegalo sobre a caixa.
 2. Cortar un par de febras de la. En cada lateral da tapa, facer un burato cun punzón e introducir a través deles as febras. Despois, apegalas polo interior da caixa con cinta adhesiva para que non saian.
 3. Introducir unha boliña ou botón en cada unha das febras e facer un nó nos extremos.
 4. Na parte inferior da caixa, introducir un pau de madeira redondo, para poder facer xirar o instrumento.
 5. Pechar a caixa e fixar o pau a ela utilizando cinta adhesiva.



O autor

Picasso foi un pintor e escultor malagueño. É o máis famoso dos pintores españois modernos. Seu pai era profesor de pintura e aprendeuno a pintar. Aos 8 anos realizou a súa primeira pintura ao óleo. Con 23 anos trasladouse a París, onde se relacionou con algúns dos mellores artistas da época.

A obra

Ao longo da súa vida artística Picasso experimentou diferentes estilos. Foi un dos creadores do cubismo, unha técnica pictórica que consiste en utilizar formas xeométricas para representar a realidade. Os temas favoritos de Picasso foron os instrumentos musicais, a natureza morta e os seus amigos.